

ciclo de cine do 2 ó 5 de outubro 2007

Aula de Cultura de Caixa Galicia

horarios 20.30 h e 22.30 h

Entrada Gratuita



# CINE CIDADE

organiza  
Comisión de Cultura  
Delegación en Santiago do COAG



colabora



# CINE CIDADE

As cidades non son soamente os edificios nin os espazos urbanos que as configuran, son tamén os seus habitantes mailas actividades humanas que nelas se desenvolven. A cidade non tería razón de ser sen as persoas que a habitan, do mesmo xeito que se non existira un armazón urbano, planificado ou non, estas non poderían levar a cabo os seus quefaceres habituais.

¿É a estrutura da cidade a que marca a forma de vida dos individuos, ou son estes quen, coa súa actividade cotiá, van definindo os distintos tipos de cidades por encima do traballo dos urbanistas ou da planificación política ou económica?

O cine vainos amosar a cidade dende o punto de vista dos seus habitantes. Nos mostra como estes se moven por ela e como a habitan, do que pensan sobre a cidade na que viven e como esta inflúe nas súas vidas. A cidade non é un mero pano de fondo polo que se moven os ciudadáns, senón que interfiere e condiciona as súas vidas.

Con este ciclo queremos reflectir o modo no que, en distintos países e continentes, o cine ensina as diferencias e similitudes entre as cidades e as persoas que lles confiren a súa razón de existir, como a actividade diaria está relacionada cos espazos urbanos e como esta actividade vai apropiándose deles, xa sexa adaptándose a eles ou transformándoo de acordo ás súas necesidades. Ademais, as cidades non son uniformes, e as películas tamén vannos mostrar as distintas realidades que conviven xuntas dentro dun mesmo entorno urbano.

Carmen García González  
Susana Rodríguez Alemparte

## programa

### MARTES 2

20.30 h **KOYAANISQATSI**. Godfrey Reggio. 1983.

22.30 h **MANHATTAN**. Woody Allen. 1979.

### MÉRCORES 3

20.30 h **SUITE HABANA**. Fernández Pérez. 2003.

22.30 h **O MEU NOME É TSOTSI**. Gavin Hood. 2005.

### XOVES 4

20.30 h **NA CIDADE BRANCA**. Alain Tanner. 1983.

22.30 h **OS AMANTES DO PONT NEUF**. Leos Carax. 1991.

### VENRES 5

20.30 h **PARADISE NOW**. Hany Abu-Assad. 2005.

22.30 h **CRUZANDO A PONTE: OS SONS DE ESTAMBUL**. Fatih Akin. 2005.

Aula de Cultura de Caixa Galicia.  
Carreira do Conde, 18. Santiago de Compostela

horarios 20.30 h e 22.30 h Entrada Gratuita



### KOYAANISQATSI

Alemania/1983/86 min.  
Dirección: Godfrey Reggio  
Documental

O documental está montado sobre un flashback xeral que pretende abracer a historia do home na súa totalidade como a progresiva dominación da tecnoloxía en todos os aspectos da vida humana, nacida, sen embargo, da propia natureza. As imaxes van acompañadas pola música de Philip Glass. O título é unha palabra hopi que significa "vida fora de equilibrio", pero tamén "vida louca", "vida en turbulencia", "vida que leva cara a desintegración" ou un estado de vida que clama por outro modo de vivir". Esta é a primeira parte da trilogía de películas "Qatsi" (Koyaaniqatsi, Powaqqatsi, Noqoyqatsi)



### MANHATTAN

EEUU/1979/96 min.  
Dirección: Woody Allen  
Reparto: Woody Allen, Diane Keaton, Meryl Streep, Mariel Hemingway, Michael Murphy

Nova York é a verdadeira protagonista de "Manhattan", filme que é un reflexo non solo da sociedade neoyorkina, senón do mundo enteiro, das relacions persoais, da arte, da comida vasoira, da contaminación, dos enganos, do amor, da inocencia, da madurez... A historia dun escritor divorciado que sae cunha quinceañera pero vaise namorar da amante do seu amigo, una muller da súa idade, é aderezada por Allen con música, planos secuencia, e miradas cara o interior das rúas de Nova York.



### SUITE HABANA

Cuba-España/2003/84 min.  
Dirección: Fernando Pérez  
Documental

Este documental sobre a Cidade de La Habana, ofrece a imaxe panorámica dunha cidade onde un día é igual ó outro, pero sempre distinto: non hai unha soa Habana, hai moitas Habanas invisibles e distintas. Varios seres sumamente peculiares alternan sobre o tecido vivo da cidade, e cada un deles representa a curiosa diversidade de grupos sociais que se moen na Habana de hoxe. Os oficios, os costumes, os ritos, a idiosincrasia e as esperanzas e desesperanzas dos que viven unha realidade moi peculiar e única, aparecerán reflectidos na maña, mediodía e atardecer habaneiro baixo a riqueza visual e sonora dun entorno que respira co movemento, a música, a expresividade xestual e os contrastes violentos.



### O MEU NOME É TSOTSI

Inglaterra-Sudáfrica/2005/94 min.  
Dirección: Gavin Hood  
Reparto: Presley Chweneyagae, Terry Pheto, Kenneth Nkosi, Mothusi Magano

Baseado na novela do aclamado escritor y dramaturgo Athol Fugard, é un retrato extraordinario, tan sombrío como esperanzado, da vida cotiá do gueto encravado no medio da selva urbana de Johannesburgo. Tsotsi, que significa gánster na lingua de la rúa dos guetos sudafricanos, é un mozo de 19 anos, líder pandilleiro marcado polos instintos, que non sinte compaixón por ninguén. Un día se cruza no seu camiño un bebé de tres meses e nese momento comeza o camiño cara a esperanza e a redención. Unha historia crúa que se desenvolve ó ritmo da música kwaito, o hip hop da periferia das cidades de Sudáfrica.



### NA CIDADE BRANCA

Suiza/1983/108 min.  
Dirección: Alain Tanner  
Reparto: Bruno Ganz, Teresa Madruga, Julia Vonderlinn, José Carvalho, Victor Costa

Ó seu paso por Lisboa, Paul, un marine mercante suízo, abandona o barco e se toma unhas vacacionés durante as que se dedica a vagar pola cidade. Abstraído de obrigacións e do transcurso do tempo, pasea polos barrios vellos e coñece a Rosa, unha muller fascinante de quen se namora...



### OS AMANTES DO PONT NEUF

Francia/1991/125 min.  
Dirección: Leos Carax  
Reparto: Juliette Binoche, Denis Lavant, Klaus-Michael Grüber, Daniel Buain, Marion Stalens

Khaled e Said son dous mozos palestinos, amigos dende a infancia, ós que recrutan para levar a cabo un atentado suicida en Tel Aviv. Parten cara a fronteira con explosivos pegados o corpo. Sen embargo, nada sae como estaba planeado e unha serie de imprevistos lles obriga a separarse. Solos, no lles queda mais remedio que enfrentarse ó seu destino e ás súas conviccións...



### PARADISE NOW

Holanda-Palestina-Alemaña-Francia/2005/90 min.  
Dirección: Hany Abu-Assad  
Reparto: Ali Suliman, Kais Nashef, Lubna Azabal



### CRUZANDO A PONTE: OS SONS DE ESTAMBUL

Alemaña/2005/132 min.  
Dirección: Fatih Akin  
Documental

Mentre componía a banda sonora de "Contra a parede" en Istambul, Alexander Hacke, membro da vanguardista banda xermana "Einstürzende Neubauten" durante máis de 20 anos, descubriu a cidade e a súa música. O documental traza un percorrido pola diversidade musical de Istambul. Pero tamén debuxa un completo escenario que inclúe os problemas sociais, a situación política, ou a relación entre Turquía e o resto de Europa.



# CINE CIDADE

ciclo de cine do 2 ó 5 outubro 2007

Aula de Cultura de Caixa Galicia.  
Carreira do Conde, 18  
Santiago de Compostela

**horarios** 20.30 h e 22.30 h

Entrada Gratuita

organiza  
Comisión de Cultura  
Delegación en Santiago do COAG



colabora



**Koyaanisqatsi**  
director: Godfrey Reggio

**Manhattan**  
director: Woody Allen

**Suite Habana**  
director: Fernando Pérez

**O meu nome é Tsotsi**  
director: Gavin Hood

**Na cidade branca**  
director: Alain Tanner

**Os amantes do Pont Neuf**  
director: Leos Carax

**Paradise Now**  
director: Hany Abu-Assad

**Cruzando a ponte:  
Os sons de Estambul**  
director: Fatih Akin